CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 178. Decembro 2020. Distribución gratuíta

Uns 70 establecementos participan na campaña de Nadal da Asetem

Xa está en marcha a campaña de Nadal da Asetem-CCA, *Este Nadal Toca en Melide*, coa participación duns 70 establecementos. Este ano repartiranse 3.000 euros distribuídos nun premio de 1.000 e catro de 500. Ademais, coas compras e xunto ás rifas, nesta edición entregaranse unhas "caixiñas de ilusión" que van recheas de chocolates. O sorteo terá lugar o 8 de xaneiro ás doce do mediodía na notaría de Melide. P5

EMPRESA
O sector do xoguete anima a mercar "con tempo" P6

MELIDE
A reforma da piscina municipal, en proxecto P13

COMARCA
Recollida solidaria na casa niño de Santiso P20

ENTREVISTA

Celia Ambrosio, *La Frutería de Celia* P23

Melide aprobou os seus orzamentos para o 2021

Os presupostos, que ascenden a sete millóns, aumentan o gasto de persoal e reforzan os servizos sociais. P12

O comercio local, a mellor opción para este Nadal

Os produtos de calidade e a fidelidade dos clientes auguran boas perspectivas ao comercio tradicional. P11

Roval JOYERÍA JR
SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE
Novos tempos · Nova tenda · A mesma ilusión
Alexandre Bóveda, 12 - Melide (A Coruña) · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com

Editorial

Non é suficiente, queremos máis

É curioso como de forma recorrente, cada vez con máis frecuencia, volvemos aos mesmos temas e ás mesmas reivindicacións en cuestións que deberían estar máis que resoltas. A lista é ampla, pero por centrarnos nunha soa imos a voltas de novo coa sanidade.

O pasado 16 de novembro os profesionais da UCI de Adultos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago iniciaron unha folga contra a xerencia do hospital para denunciar a precariedade nas súas condicións laborais e tamén nas instalacións do centro; unha folga simbólica todos os luns xa que os servizos mínimos mantéñense fixados no 100%. E si, dixémolo ben: denuncian precariedade na UCI...

Logo temos a Atención Primaria, da que tampouco podemos esquecernos e onde ultimamente parece imperar o sistema da "consulta telefónica", un sistema implantado entendemos que pola súa efectividade á hora de diagnosticar a un paciente sen telo diante, en vez de pola posible falta de profesionais sanitarios.

E a todo isto hai que sumar unha pandemia á que o persoal sanitario estivo e está facendo fronte case nas mesmas condicións e cos mesmos medios de sempre.

Iso si, non se che ocorra alzar a voz e reclamar (xa non digamos protestar), unhas condicións dignas e un servizo xusto, pois corres o risco de que te sancionen. Para mostra o expediente disciplinario aberto polo Servizo Galego de Saúde –un ano despois– para inhabilitar ao xefe do servizo de Xinecoloxía do Hospital de Verín, o doutor Javier Castrillo.

Seguro que lles soa. Si, o doutor Castrillo foi o xinecólogo que liderou as protestas para manter aberto o paridoiro de Verín, toda unha casualidade. E non o dicimos nós, son palabras do propio doutor nunha entrevista realizada polo xornal Nós Diario que recolle textualmente "eu nisto vexo máis un ánimo de desquite que de facer xustiza".

Con todo isto é normal que o persoal sanitario estea canso, farto, reclamando continuamente melloras e máis persoal. Incluso que nós como pacientes esteamos cansos de pelexar e reivindicar a mellora na atención sanitaria. Pero non podemos baixar a garda.

Recentemente coñecemos que o centro médico de Melide verá reforzado o seu cadro de persoal de enfermería na área de Atención Familiar e Comunitaria. Non podemos máis que aledarnos, pero non é suficiente. Queremos máis. Os orzamentos da Xunta para 2021 prevén 478 millóns de euros máis para a área de Sanidade; oxalá e desta se vexan reflectidos nun cambio real coa incorporación de máis persoal e a mellora efectiva do sistema, tanto polo ben dos pacientes como polo ben do persoal sanitario.

Tribuna de opinión

De emprego e autónomos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Corren malos tempos para o emprego, así o reflicten de novo os datos do paro tanto na comunidade como na comarca. Se no mes de outubro xa empeoraron as cifras, o mes de novembro deixou ao seu remate 36 persoas desempregadas máis, o que sitúa a cifra total de parados na comarca en 625 persoas. Hai exactamente un ano por estas mesmas datas a cifra era de 572 persoas.

E se corren malos tempos para o emprego xa non digamos para os autónomos, que ás numerosas restricións e limitacións que veñen padecendo durante a pandemia suman agora unha suba na súa cota de autónomos.

Máis aló de que xa era unha suba anunciada (prevista a comezos de ano e aprazada finalmente pola pandemia), non concordamos na oportunidade do momento, pois están a ser moitos os casos nos que os beneficios dun traballador autónomo apenas dan para cubrir gastos. Miremos por exemplo a sectores como os da hostalería, ocio, turismo, viaxes... as restricións non axudan a despegar e calquera suba, por pequena que sexa, resta a final de mes.

Cómpren solucións, e sobre todo tempo para que a situación se normalice e a economía comece a asentarse. Pero mentres, e xa que a situación é excepcional, as medidas a aplicar tamén deberían selo, de aí que o máis sensato fose aplicar a exención da cota de autónomos ou, polo menos, a posibilidade dun aprazamento para aqueles que se atopan en peores circunstancias.

Visto o visto, para este ano dita posibilidade quedou totalmente descartada. Veremos que pasa en 2021 de continuar as perdas entre o colectivo de autónomos, que xa neste ano foron cuantiosas.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Alumnas e alumnos do IES Melide, Vanesa de Quinzán, Jesús Luaces
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER 19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

“A día de hoxe seguimos sen depuradora, sen solo industrial e sen ninguén que limpe no polígono”

Remata o 2020, un ano complexo –entre moitos outros adxectivos que poderían engadírselle– tanto para a saúde como para a economía. Centrándonos no aspecto económico, facemos balance da situación xunto ao presidente dos empresarios da Terra de Melide, Manuel Vázquez, co obxectivo de valorar as actuacións desenvolvidas e analizar as necesidades máis urxentes de cara ao futuro inmediato e máis incerto dos últimos tempos.

- Que balance fai do ano, que sensacións lle transmiten os empresarios?

- Manuel Vázquez (M.V.): Uf! Que pregunta. O balance é un ano estraño, sobre todo difícil. O que me transmiten e a miña sensación é que todo o mundo está preocupado, loxicamente, e tamén moi descontento coa situación porque a ninguén lle gustan as normas que nos impoñen. É certo que medidas hai que tomalas, si, pero non sei ata que punto son as máis acertadas como por exemplo no caso da hostalería. Vexo á xente moi queimada coa clase política en xeral, cando o que nos preocupa aos empresarios é a economía, os ERTE dos traballadores, porque os que non traballan se non cobran tampouco gastan e iso repercute no consumo.

- Como ve o futuro para a economía local?

- M.V.: Supoño que como todo o mundo, moi incerto. Si que é verdade que ao mellor se a nosa economía dependera máis da industria que do turismo igual non acusariamos tanto esta crise. Creo que vai ser complicado remontar, non se pode dicir o que non é. Por exemplo, aquí os peregrinos eran un factor importante, pero vemos que agora mesmo non están chegando; e non só este ano, a ver que pasa de cara ao ano que vén, se poden vir ou non porque de momento todo o sector que xira arredor do Camiño está freado. Logo é certo que hai outros sectores que están funcionando mellor, por exemplo o dos mobles e reformas. Todo iso sen entrar a valorar o que pode pasar coa apertura da autovía A-54, que esperemos que traia máis que leve. E logo hai outro aspecto que non se pode esquecer, o do alugueiro. Moitos negocios en Melide están de alugueiro, e claro, de repente confínante e non podes traballar, ou limítanche a hora de peche do teu negocio, e non das ganado para pagar ese gasto.

- Considera que os alugueiros son caros en Melide?

- M.V.: En moitos casos si. O alugueiro é un problema engadido; antigamente as tendas do pobo tiñan o negocio nas súas casas, aí están os casos de Romero, Casa Juanito, Broz, Mosteiro, pero agora se queres montar un negocio na vila tes que buscar local e acabas alugando un baixo. E para ser Melide, hai moitos alugueiros que son excesivamente caros.

- O Concello de Melide lanzou este ano a campaña da Tarxeta Merca en Melide, que lle parecen este tipo de iniciativas para a economía local?

- M.V.: Todas as campañas que fagan para axudar son boas, pero esta en concreto, sinceramente, paréceme moi boa idea. Polo que eu sei en canto a número de establecementos participantes, e en canto a xente que demandou as tarxetas, creo que foi unha idea moi, moi boa; ten en conta que por un lado fas mover o diñeiro no pobo e por outro ese diñeiro queda tamén na vila.

- Xa como Centro Comercial Aberto, como valora as achegas da Xunta?

- M.V.: Pois de xeito moi positivo porque se non fose polo orzamento que nos destinan cada ano moitas das campañas e actividades que desenvolvemos non poderían facerse. Sen ir máis lonxe este ano en Asetem, grazas ás achegas da Xunta, puxemos en marcha o servizo de distribución de paquetería para os socios de forma gratuíta. Con todo, diríache que as axudas da Xunta ademais de necesarias, son insuficientes, eu aínda demandaría máis e tamén que permitisen destinalas a outro tipo de actividades, porque ás veces esas achegas veñen encamiñadas a determinadas liñas de acción que non repercuten directamente nos negocios da vila nin na economía local, senón que como CCA nos vemos obrigados a destinar as achegas a iniciativas concretas fixadas pola Administración que ao final non teñen nin a repercusión nin o beneficio desexado.

- Como empresario, e como presidente dos empresarios, que necesidades ve no parque empresarial de Melide?

- M.V.: No polígono é certo que mellorou algo a cobertura de telefonía e tamén a velocidade de Internet, pero logo o parque empresarial está como estaba. Vexo que seguimos tendo as mesmas necesidades de sempre. O tema da depuradora xa pode cualificarse como un lastre para todos, dende que se creou o polígono ningunha corporación solucionou o problema; ningunha, e a día de hoxe seguimos sen depuradora, sen solo industrial e tamén sen ninguén que limpe no polígono.

- En canto á Asetem, que balance fai?

- M.V.: Facemos o que podemos, e máis nun ano como este. Seguramente cometemos e cometeremos erros, porque somos humanos, pero o obxectivo da asociación sempre foi mirar polo interese e benestar de todas as persoas asociadas. Cando foi o tema do confinamento, en marzo, colleunos un pouco de improviso e si é certo que case quedamos sen comunicación cos socios e socias, non estabamos preparados dixitalmente, así que creamos un grupo de WhatsApp. A partir de aí tentamos en todo momento manter ao día a información e seguir tamén coas campañas; unhas con máis éxito e outras con menos como é lóxico.

- De cara ao Nadal, que expectativas manexa?

- M.V.: En relación á nosa campaña, que este ano baixa a cantidade do premio porque sae directamente das cotas de participación dos socios, reducidas tamén á metade, eu creo que a xente non vai mercar nin máis nin menos porque o premio sexa máis grande ou máis pequeno. A ilusión das rifas entendo que sempre é a mesma. Logo o que é en si o Nadal, penso que ao mellor non será tan bo como outros anos, pero creo que vai funcionar; se non estás ao 100%, pero podes funcionar a un 70 ou 80% igual podes salvar a campaña.

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

“Abrir unha tenda para alguén que lle encanta a atención ao público non pode ser máis que un soño, e máis se é a tenda que abriron meus pais hai 40 anos”

__Xoiería Roval__ reabre as portas da súa tenda tras unha intensa reforma e coa incorporación de __Sargadelos__ como novidade principal. Máis espazo, un novo produto e os servizos de sempre é o que podemos atopar neste establecemento melidense que en 2021 cumpre 40 anos. Das novidades, o proceso de reforma, como afectou a pandemia ao sector e demais cuestións falamos con __José María Valcárcel__, responsable do negocio.

En cada palabra súa percíbese a ilusión e o entusiasmo que José María Valcárcel profesa polo seu traballo. Nótase ademais de nas palabras, na esmerada atención ao cliente, no coidado dos detalles e nótase aínda moito máis agora coa nova tenda; unha xoiería totalmente reformada e con novidades, pero que conserva o espírito de sempre. E ese precisamente era o obxectivo da reforma: unha nova etapa para un establecemento distinto na forma, pero o mesmo de sempre no fondo.

Explica José María que a idea de reformar Xoiería Roval levaba tempo sobre a mesa –aparcada iso si, aínda que presente– e que foi finalmente a posibilidade de incorporar a cerámica de *Sargadelos* o que o motivou a dar o paso definitivo. “Estabamos ben, traballando comodamente, así que tomar a decisión sempre custa –explica–, pero entón xurdiu a oportunidade de coller *Sargadelos* en Melide porque Susana Buján, que era a persoa anteriormente responsable da súa venda, ía pechar, e propúxome a posibilidade de falar con *Sargadelos*; ese foi o empuxón definitivo para ir adiante coa reforma”.

Pese ao precipitado do asunto, José María destaca que non o dubidou en ningún momento, nin á hora de continuar coa venda da firma de cerámica na vila, nin á hora de poñer en marcha as obras de reforma, e amósase agradecido pola oportunidade que Susana lle brindou. “Teño que facer unha mención especial a Susana –di–, en canto á oportunidade que me deu de poder optar a ter a representación de *Sargadelos* en Melide; non teño máis que palabras de agradecemento para ela pola súa consideración e proposta”.

Cambios estruturais para continuar na mesma senda

En condicións normais un proceso de reforma suporía o peche do establecemento mentres se realizan as obras, máis no caso de Xoiería Roval, a instalación nun local provisional a escasos metros da tenda orixinal permitiulle a este comercio continuar coa súa actividade durante os meses que duraron os traballos.

“Esa foi a outra gran vantaxe de todo este proceso, que eu puiden estar atendendo ao público dende o 4 de outubro e a vinte metros de onde estaba antes, con un local totalmente preparado e con *Sargadelos* xa incorporado á venda”, sinala José María.

Unha vez rematen os traballos, o cambio estrutural apréciase xa a simple vista comezando pola fachada exterior. Xa no interior, o cambio máis radical é a presenza de *Sargadelos* así como o aumento da capacidade de exposición. “A tenda, ademais de medrar na superficie, medrou sobre todo na capacidade que temos agora de exposición –apunta José María–, os escaparates exteriores son un pouco máis pequenos, pero iso supuxo ganar espazo no interior onde tamén aumentamos un mostrador e en consecuencia a superficie de atención ao cliente”.

Pola súa parte, os servizos de sempre como a reparación de xoias e reloxos mantéñense exactamente igual. “Houbo quen me dixo ‘Jose, non perdas a perspectiva da xoiería’, e efectivamente eu teño claro que vai seguir sendo así, nós somos Xoiería Roval, temos unha xoiería, reloxería e reparamos xoias e reloxos, e co mesmo cariño e dedicación de sempre ímolo seguir facendo; o único que fixemos foi incorporar un produto novo , galego por certo, que é *Sargadelos* e que nos produce unha satisfacción enorme e que comercialmente nos vai a sumar, que é do que se trata, ou como xa dixen nalgunha ocasión... cambiar para seguir sendo os mesmos”.

Sargadelos, unha firma asentada e con tradición

Dende Roval non agochan a ledicia e a satisfacción que supuxo a incorporación de *Sargadelos* a súa liña de negocio. “A verdade é que estando no local provisional xa tiven a satisfacción de ver que efectivamente *Sargadelos* é un produto que gusta; as perspectivas que tiña despois de informarme sobre o seu funcionamento eran boas e agora, ao levar uns meses traballando con eles, só podo dicir que estou moi contento”.

Non é para menos se temos en conta que a cifra bruta de vendas de Xoiería Roval no mes de outubro, por exemplo, medrou basicamente grazas á firma de cerámica. “Refírome a outubro e novembro, sobre todo porque tradicionalmente novembro é o peor mes do ano para min comercialmente falando, sen embargo os clientes responderon e iso notouse na tenda”, destaca José María en relación á nova marca.

Neste senso, en canto ao máis demandado, dende a xoiería apuntan a tres tipos de clientes como os máis habituais: “aquel que vén a empezar ou completar algunha parte dunha vaixela, así como o que quere regalar esas pezas; o cliente que quere facer un regalo e que sabe que con *Sargadelos* acerta; e o namorado da firma que vén a comprar para el”.

Unha nova etapa no medio dunha pandemia

Coa reforma da tenda e a incorporación de *Sargadelos,* Xoiería Roval comeza unha nova etapa á que por suposto tampouco lle foi, nin é, allea a pandemia da Covid.

Tras un confinamento de mes e medio o establecemento reabriu as portas o 11 de maio e a resposta dos seus clientes non puido ser mellor. “Xa non falo do aspecto persoal, que tamén houbo momentos difíciles, pero comercialmente o confinamento foi duro de levar; iso si, para a resposta da xente cando reabrimos non teño outro cualificativo máis que positivo, moi positivo e realmente moi sorprendido”.

Do mesmo xeito, os meses de xuño, xullo e agosto foron “relativamente bos”. A este respecto José María destaca a utilidade das redes sociais. “Eu non hai moito que botei man delas –di–, sempre considerei que o traballo detrás do mostrador é moi importante ou case o máis importante, e sígoo pensando, pero tamén é certo que as redes sociais hoxe en día son un mecanismo moi bo e efectivo que complementan as vendas”.

Así, Xoiería Roval conta con perfil en Facebook e Instagram e, en breve, terá tamén páxina web a través do dominio da asociación de empresarios local (Asetem-CCA) á que pertence. “O Facebook e o Instagram son como unha pequena familia virtual que ademais é moi agradecida, polo menos esa é a miña sensación; a xente ve, mira, dálle a me gusta e todo iso é un engadido á tenda”.

Volvendo á pandemia, a incerteza é a única seguridade –pese a que poida soar contraditorio– que impera no presente e no futuro máis próximo de Xoiería Roval. “Como parte importante nas vendas de calquera negocio afronto o Nadal con incerteza; unha incerteza que ata o de agora foi resultando positiva, pero veremos como resulta este ano porque depende de moitos factores como son os contaxios, confinamentos, o toque de queda, que haxa máis mobilidade ou menos... seguramente non vaia ser o mellor Nadal da historia, pero eu tampouco son pesimista”, asegura José María que tamén mira ao futuro esperanzado e coa ilusión de comezar unha nova etapa, “abrir unha tenda para alguén que lle encanta a atención ao público non pode ser máis que un soño, e máis se é a tenda que abriron meus pais hai corenta anos; a mesma tenda na que eu xa levo atendendo directa ou indirectamente case trinta..., imaxínate, sigo coa mesma ilusión ou máis aínda se cabe”.

Catro décadas en 2021

A constancia, a dedicación e o bo facer permitirán celebrar o vindeiro ano catro décadas dende que Xoiería Roval abrira as súas portas en Melide. “Non deixa de ser máis que un número –sinala José María– neste caso un número un pouco máis redondo, pero para nós a celebración é o día a día –engade–, e os 40 anos o que veñen a demostrar é o difícil que é manter un negocio aberto tanto tempo conservando a confianza e o respecto dos clientes”.

Para manter esa confianza intacta dende Roval apuntan a un traballo intenso. “Dedicación, tratando de facer ben o que un sabe facer e mellorando o que non se sabe facer e, por suposto, un traballo moi grande detrás do mostrador”.

Uns 70 establecementos participan na campaña de Nadal da Asetem-CCA, e outros 74 na iniciativa da *Tarxeta Merca en Melide*

Xa está en marcha a campaña de Nadal da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-CCA), *Este Nadal Toca en Melide*, coa participación duns 70 establecementos.

Ata o vindeiro 8 de xaneiro de 2021, as persoas que se acheguen a mercar nos negocios asociados recibirán coas súas compras diferentes rifas para participar no sorteo de Nadal, que este ano repartirá 3.000 euros en un premio de 1.000 e catro de 500. Ademais, coas compras e xunto ás rifas, entregaranse unhas "caixiñas de ilusión" que van recheas de chocolates.

"Seguimos na liña de todos os anos en canto a participación de establecementos", explicou a xerente de Asetem-CCA, Pilar López, que tamén engadiu que "as sensacións de momento, e con toda a prudencia, están sendo boas pois polo de agora vemos aos comerciantes ilusionados coa campaña".

Pilar López tamén confirmou o aprazamento definitivo da gala de Nadal, e a celebración do sorteo dende a notaría de Melide o venres 8 de xaneiro ás doce do mediodía. "O sorteo será en directo a través das redes sociais, mentres que a gala terá lugar máis adiante xunto con outras campañas previstas", sinalou a xerente.

Éxito da *Tarxeta Merca en Melide*

Tamén este ano o Concello de Melide organizou unha campaña de Nadal na que se inclúe a Tarxeta Merca en Melide, e na que colabora Asetem. Neste senso, a participación total é de 74 establecementos.

Así, as persoas que adquiriron esta tarxeta na Asetem a un prezo de 30 euros, pero cun valor total de 50 (a diferenza de 20 euros achégaa o Concello de Melide), poderán investila en calquera dos máis de 70 locais da vila participantes na iniciativa ata o 5 de xaneiro

Dende o Concello de Melide amosáronse satisfeitos coa resposta obtida a esta proposta e dende a Asetem destacaron o amplo interese amosado pola xente na adquisición das tarxetas, "que se esgotaron en poucos días".

Visita do delegado territorial á Asetem-CCA

O delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, mantivo un encontro co vicepresidente da Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto (Asetem-CCA), Rodrigo Fernández; e coa xerente, Pilar López; ao ser esta unha das entidades beneficiadas polas ordes de axudas dirixidas ao sector. No encontro, os representantes da Asetem aproveitaron a ocasión para solicitar maior liberdade á hora de xestionar a achega da Xunta para que repercuta directamente nos comercios da vila, en vez de ir tan encamiñada a aspectos como poden ser as redes sociais. Na reunión tamén estiveron presentes o alcalde de Melide, José Manuel Pérez; o concelleiro de Promoción Económica de Melide, Xosé Igrexas; e a voceira do PP local, Dalia García.

SABER DE LEI

Obrigación legal ou social?

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Nos últimos meses a palabra vacina é a máis utilizada mundialmente e, dende logo, tamén a máis esperanzadora.

A incerteza e o debate arredor da vacina coa que se conta que chegue ao mercado no primeiro trimestre de 2021 ten conmocionada á comunidade internacional. A OMS asegurou que deixaría en mans dos países a decisión da súa obrigatoriedade.

Con anterioridade á pandemia algúns países como Eslovaquia, Eslovenia, República Checa, Polonia ou Hungría obrigan aos seus cidadáns a vacinarse contra certas enfermidades, e no caso de que non o fagan terán sancións económicas.

Italia e Francia no 2017 estableceron como obrigatorio as vacinas infantís debido ás baixas taxas de vacinación, aínda que Italia posteriormente derrogouno. Australia anunciou que en canto estea lista será de carácter obrigatorio para 25 millóns de persoas. Polo contrario Brasil manifestou que a vacina non será obrigatoria no seu país.

España non descarta que teña que establecerse a obrigatoriedade de vacinar á poboación, aínda que parece que as primeiras intencións son as de concienciar á poboación dos beneficios das mesma e que a vacinación é a mellor forma de acabar coas enfermidades infecciosas.

Impoñer como obrigatoria a vacinación pode causar o efecto contrario ao desexado. O medo e a incerteza da creación tan rápida da vacina, da cal non se coñecen os efectos secundarios da mesma, pode dar pé á reticencia a vacinarse, por iso explicar os riscos e os beneficios da mesma é imprescindible.

A Constitución Española no seu artigo 15 recoñece o dereito á vida e á integridade física, e no seu artigo 43 desenvólvese que compete aos poderes públicos organizar e tutelar á saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

A Lei Orgánica 3/1986 de 14 de abril contempla a posibilidade de establecer a obrigatoriedade da vacinación por parte da poboación como excepción a calquera situación que ameace a saúde pública. Esta lei está feita para excepcións.

En España deuse un caso de obrigatoriedade con mediación xudicial para a vacinación por un brote de sarampelo en Granada no ano 2010, onde se determinou que por saúde pública e debido a que gran parte de pais se negaban a vacinar aos seus fillos voluntariamente nun brote de sarampelo que se deu nun colexio da cidade, tivo que facerse por mediación xudicial, pola que se ordenou a vacinación forzosa de 35 menores. Pero isto é algo excepcional. Por norma xeral a vacinación é voluntaria, tanto en adultos como en menores.

A normativa existente pode causar confusión sobre a obrigatoriedade da vacinación, polo que o poder executivo e lexislativo poden intervir ao respecto e modificala introducindo artigos pertinentes tanto no código penal como cunha nova Lei Xeral de Saúde Pública. Sería conveniente unha regulación legal específica no caso de que se obrigue a vacinar de Covid-19, xa que senón poderían chocar o dereito á intimidade co dereito á saúde de terceiros; ou incluso co dereito á vida, xa que unha persoa pode morrer a consecuencia da Covid-19.

Polas liñas que se parece estar seguindo a nivel nacional espérase chegar a unha cobertura alta de vacinación da Covid-19 da poboación sen ter que chegar á obrigatoriedade. O goberno asegura que o sistema sanitario está preparado para garantir a inmunidade total da poboación. É por esta cobertura de vacinación polo que as vacinas no noso país non teñen carácter obrigatorio a nivel xeral, xa que en España a taxa de vacinación infantil é dun 95 %.

No caso hipotético de que se estableza como obrigatoria hai que saber de que maneira será, xa que caben varias posibilidades: a primeira sería pola imposición á forza, algo que sería realmente complicado xuridicamente; a segunda sería unha imposición de sancións ou multas, como unha forma de persuasión institucional para que a poboación se vacine; a terceira sería privar do acceso a determinados servizos públicos por risco ao contaxio a aqueles que non se vacinen.

Nestes tempos que corren, nos que vivimos a golpe de decreto non podemos ter nada por seguro, pero si podemos tirar do dito de que a esperanza é o último que se perde e confiar en que a vacina sexa efectiva tanto se ten obrigatoriedade legal como social, para así retomar a vida que un día coñecemos e deixar quedar atrás esta nova normalidade.

A segunda edición dos *Días Azuis* deixa outra premiada no comercio de Melide

Celebrada do 9 ao 30 de novembro, a segunda edición dos *Días Azuis do comercio galego* volveu deixar unha premiada no comercio asociado á Asetem-CCA en Melide.

A gañadora foi Begoña Varela Varela, que realizou a súa compra en Perfumería Lyss e rexistrou o tícket para participar no sorteo, gañando así unha tarxeta prepago de 150 euros para volver a investir no comercio local.

Dende a Federación Galega de Comercio, entidade promotora da campaña, sinalaron o éxito acadado nesta segunda edición, na que se rexistraron "un total de 116.452 tíckets, o que supón un importante incremento que confirma a fidelidade de comerciantes e o interese dos clientes nesta iniciativa de promoción", apuntaron.

Ao igual que en edicións anteriores, nesta ocasión tamén se sortearon 16.200 euros repartidos en 80 tarxetas prepago de 300 e 150 euros.

Máis de 180 empresas de Melide solicitaron as achegas do PEL REACTIVA

Un total de 183 solicitudes son as que terá que xestionar a Concellería de Promoción Económica do Concello de Melide para repartir os fondos destinados a autónomos e microempresas da vila, dentro do programa de axudas para a reactivación económica "PEL-REACTIVA".

A finalidade destas axudas é impulsar a actividade económica e o emprego no concello de Melide, así como contribuír a paliar, na medida do posible, os danos derivados da pandemia da Covid-19, nas microempresas e autónomos e autónomas locais.

A achega total destinada ás persoas autónomas e microempresas de Melide ascende a 219.609 euros dos cales o Concello de Melide aporta 43.921, o 20% do total de fondos.

Aberto o prazo para participar no Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial

A Deputación da Coruña publicou as bases e a convocatoria da cuarta edición do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, un galardón co que se pretende recoñecer e promover o traballo realizado polas pequenas e medianas empresas, microempresas, autónomos/as, Concellos e asociacións empresariais da provincia da Coruña; así como contribuír ao crecemento e desenvolvemento das mesmas.

Concederanse cinco galardóns por un importe total de 75.000 euros repartidos en 15.000 euros a cada unha das categorías (1ª, premio á mellor iniciativa empresarial nova; 2ª, á mellor iniciativa empresarial consolidada; 3ª, á mellor iniciativa innovadora na loita contra a COVID-19; 4ª, premio ao Concello promotor do emprego de calidade; e 5ª categoría, premio á mellor asociación empresarial).

A participación só poderá realizarse mediante a presentación telemática da documentación. O prazo de presentación de candidaturas permanecerá aberto ata o 8 de xaneiro de 2021 ás 14.00 horas.

As bases ao completo poden consultarse na páxina web do "Premio provincial á mellor iniciativa empresarial".

O sector do xoguete anima a facer as compras con tempo polas complicacións da distribución

Co Nadal á volta da esquina dende o sector do xoguete tamén se preparan este ano para unha campaña diferente e sobre todo máis planificada.

"De momento vemos que a xente estase animando a reservar as compras con tempo porque este ano a distribución do xoguete está sendo un pouco máis complicada; sobre todo porque non está habendo todo o que nos ofertaron a principio de ano", explica Cristina Pacheco da tenda de xoguetes de Melide, Toys Maniatic.

Con todo, Cristina lanza unha mensaxe de tranquilidade. "Fixémonos con un pedido bastante amplo e tempos un pouco de todo, así que de momento a xente que veu a comprar foise contenta porque conseguiu o que buscaba; e se non o atoparon deixárono encargado e chegoulles sen problema, por iso este ano é aínda máis importante reservar con tempo".

Metidos de cheo no mes de decembro, en Toys Maniatic as sensacións polo momento están sendo boas. "Vemos á xente bastante animada e sobre todo animada a mercar no pobo, que é moi importante –di Cristina–, igual é que tamén axuda o feito de que haxa restricións á mobilidade, pero de calquera xeito é bo que se consuma no pobo".

En relación ao máis buscado ou demandado este ano Cristina non destaca un xoguete sobre outro en especial, pero si percibe un aumento na demanda de produtos para pasar tempo en familia. "Seguimos na liña de anos anteriores, o que si, vemos un aumentou na venda de xogos de mesa, puzzles, cousas de manualidades, produtos que implican pasar máis tempo na casa e xogar en familia".

Coa campaña de Nadal en marcha dende Toys Maniatic destacan que ante un posible confinamento "ningún neno nin nena quedará sen o seu xoguete", pois tanto a través das redes sociais, como do WhatsApp ou do correo electrónico do establecemento os Reis Magos, Papá Noel e o Apalpador poderán facer os seus pedidos "e no caso de que non poidan vir a recollelos nós mesmos entregaremos a súa compra a domicilio desprazándonos a onde sexa necesario".

Vales para a hostalería e premios directos no noveno aniversario de *Mis Mejores Labores*

Mis Mejores Labores cumpriu o pasado 20 de novembro nove anos coas portas abertas e para celebrar o seu aniversario nada mellor que organizar un sorteo no que todos os clientes que realizaron compras superiores a dez euros resultaron premiados con diferentes agasallos.

"No momento no que estamos pensei que era unha boa opción repartir algo de alegría e, porque non, colaborar tamén de paso coa hostalería e co comercio local", explica Margarita Iglesias, responsable do negocio.

Deste xeito, entre os premios repartidos incluíronse dous vales para gozar de dúas merendas no establecemento de hostalería *Jacarandá*; pero tamén houbo un lote de máscaras de cabaleiro e señora con desinfectantes incluídos; tres vales de dez euros; un vale para recoller unha axenda de 2021 na *Librería Victorio* e un caderno con bolígrafo para o resto de participantes.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Á venda o espumoso de Casa Mejuto, que este ano conta coa variedade rosado



Fotos: Víctor Espiño

Sempre innovando e traendo produtos de calidade ao mercado, este ano non ía ser menos, de aí que ao Viño Espumoso Brut Nature de 2019, Casa Mejuto sume este Nadal unha variedade rosada elaborada tamén integramente e embotellada en Melide.

Ao igual que no caso do espumoso, a súa versión rosada segue o método "champenoise"; procedemento mediante o cal os franceses elaboran o champaña na rexión francesa.

Deste laborioso proceso, entre moitos outros aspectos, destaca o feito de que durante nove meses ten lugar a fermentación e a crianza en botella, o que permite reducir ao mínimo a presenza de azucre, que ademais tampouco se engade no momento do "degüelle".

O resultado deste coidadoso e minucioso traballo de elaboración son un total de 2.500 botellas de Viño Espumoso Brut Nature Casa Mejuto para este Nadal, que tanto poderemos adquirir na súa variedade branca como rosada.

Un espumoso "natural, de calidade e facilmente bebible" que ademais combina perfectamente coas comidas de Nadal dende o primeiro ao último prato, sen esquecer a sobremesa.

Ademais, e sobre todo este ano coas circunstancias sanitarias que vivimos, cómpre sinalar que os produtos de Casa Mejuto poden mercarse a través da súa páxina web, onde dispoñen de tenda en liña.

Hidroeléctrica Lumymey asesora a través de WhatsApp a electricistas e profesionais do sector nos trámites coas distribuidoras

A empresa local melidense Hidroeléctrica Lumymey leva máis dun século abastecendo de enerxía eléctrica a fogares e empresas; un século no que a evolución e os cambios no sector foron e continúan sendo constantes.

Co obxectivo de que eses cambios non se traduzan en complicacións para os consumidores, a hidroeléctrica acaba de poñer en marcha un servizo de WhatsApp totalmente gratuíto a disposición de electricistas, instaladores e xestores enerxéticos, como responsables que son de realizar a meirande parte das xestións que teñen que ver coas compañías distribuidoras de electricidade.

"Que profesional non tivo dificultades por exemplo para realizar unha alta nova cunha compañía distribuidora de electricidade? sobre todo coas grandes distribuidoras –explica Javier Fuciños–, pois o que pretendemos dende Hidroeléctrica Lumymey é facilitar ese proceso e calquera outro trámite mediante asesoramento a través dun número de WhatsApp".

Deste xeito, enviando un WhatsApp ao 603 446 437 calquera electricista, instalador ou xestor enerxético poderá solicitar a súa subscrición e pasar a formar parte automaticamente do grupo de WhatsApp ***Enerxía en Rede*** "no que poderán realizar as súas consultas relacionadas coa tramitación de expedientes coas distribuidoras".

Simplificar os trámites

Dende Hidroeléctrica Lumymey queren poñer en valor a experiencia que arrastran dende o inicio do sector eléctrico, por iso "cada vez que realizamos unha contratación tamén tentamos simplificar os trámites coas distintas distribuidoras de cada zona", sinala Patricia Regueiro.

Neste senso, son cada vez máis os consumidores que acoden a Hidroeléctrica Lumymey para obter claridade e transparencia no proceso, ou simplemente para entender os pasos necesarios a dar con cada axente do sector eléctrico (distribuidor, electricista e comercializador).

"É precisamente aí, neste tipo de tramitacións, onde detectamos unha gran complexidade; o consumidor quere solucionar o seu problema canto antes, non ten tempo de coordinar aos axentes ou non sabe cales son os pasos a seguir, o electricista ás veces non xestiona as comunicacións coa distribuidora-comercializadora, e o distribuidor non aconsella senón que contrata o que se lle indique", apunta Patricia.

Conscientes de que a única maneira de solucionar esta descoordinación sería traballar en grupo e "en rede co resto de axentes do sector" Hidroeléctrica Lumymey pon en marcha este servizo de WhatsApp gratuíto para resolver as dúbidas e asesorar aos profesionais.

"Coa colaboración entre electricistas e ou xestores enerxéticos, e a nosa comercializadora Lumymey prestando apoio informativo nestes casos, cremos que se axilizaría bastante o proceso para dar un servizo tan esencial como é a luz –recalca Patricia–, motivo polo cal animamos a todos os electricistas a participar nesta rede, que ademais é de forma gratuíta".

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MARINA FERREIRA, *Jacarandá*

(R/Otero Pedrayo, 12, Baixo - Melide) - Tfn. pedidos para levar: 881 95 70 74

“Traballar na hostalería está sendo complicado, moi incerto e estresante, pero é o que hai e hai que seguir”

- De *Jamonería Garceiras* a *Jacarandá*. Que a motivou a emprender un novo negocio?

- Marina Ferreira (M.F.): Ante todo teño que dicir que co outro bar estaba encantada, pero a verdade é que comezaba a quedárseme un pouco grande. O meu fillo íase a estudar e para min soa facíaseme demasiado. Nese momento pensei en deixar a hostalería, era como se me parecese que remataba unha etapa para min pese a que a hostalería sempre me encantou; pero entón xurdiu esta oportunidade. Comentáronme o deste local e que o viñese a ver, e nada máis entrar xa visualicei todo na miña mente, xa me imaxinei o local adaptado ao que eu quería facer, así que pensando en tal e como está a situación decidinme a collelo e a seguir de novo pola miña conta.

- Que servizos atopamos en *Jacarandá*?

- M.F.: Pois fago o mesmo que antes só que un pouco máis reducido: tostas; tortillas; sartenadas; hamburguesas, que gustan moito porque ademais son bastante elaboradas, coa súa cebola caramelizada, etc; tamén teño menú infantil para os máis pequenos; servizo de comida para levar; batidos variados, que me demandan moito e que fago de “Oreo”, “Kit Kat”, “Chips Ahoy!”, etc; destacan tamén os almorzos con tostadas de xamón con tomate, croissants de xamón e queixo, tostadas de “Nocilla” con rodaxas de plátano; en resumo, o mesmo que facía antes. E sigo traballando con produtores locais de Melide e tamén manteño servizo se terraza.

- Cando abriu e que balance fai dende entón?

- M.F.: Abrín o 19 de outubro e dende entón a verdade é que moi ben; moi contenta e moi agradecida pola resposta dos clientes. Para arrancar no medio dunha pandemia e coa hostalería no seu peor momento, a verdade é que non me podo queixar.

- Por que o nome de *Jacarandá*?

- M.F.: *Jacarandá* é a árbore representativa de Bos Aires, e como eu son arxentina e de Bos Aires pois nada mellor. A idea xurdiu un día en conversa buscando nomes para o bar, pensamos en Ceibo, que é a flor nacional arxentina, pero non me gustaba moito como soaba, así que ao final optei por *Jacarandá*, que ademais é unha árbore preciosa. A maiores, a casualidade quixo que abrira o bar en outubro, cando outubro é o mes do *Jacarandá*. Foi sen querer, pero unha bonita casualidade.

- Como está sendo traballar na hostalería en medio dunha pandemia?

- M.F.: Traballar na hostalería está sendo complicado, moi incerto e estresante. Sempre pendente do uso das máscaras, que se agora non se pode consumir en barra e agora si; que se alguén se levanta dunha mesa e ir rápido a desinfectala... moi estresante, pero é o que hai e hai que seguir.

- Como afronta o Nadal?

- M.F.: Uf! Non sabería dicirche. Co medo lóxico porque aínda que en Melide esteamos ben nun momento determinado, ao día seguinte todo pode cambiar. Non sei, con moita incerteza e case mirando o día a día.

O horario de *Jacarandá* é de luns a venres a partir das 8.30h da mañá, os sábados a partir das 10.00h e os domingos a partir das 9.00h

C/ RONDA DE CORUÑA, 16 · MELIDE (E-15-001258)
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
Pide cita en **afflelou.es**

Juifi amplía os seus servizos coa cobertura de fibra en todo o territorio nacional

A empresa melidense aumenta tamén as coberturas móbiles

En Juifi elaboran protectores de pantalla para os dispositivos móbiles (calquera modelo) ao momento

Juifi, empresa melidense que proporciona acceso á Internet, amplía o seu abano de servizos coa cobertura de fibra en todo o territorio nacional.

"Onde haxa cobertura de fibra, Juifi ten fibra", así o explicou Óscar Iglesias, un dos propietarios do negocio. "Inicialmente empezamos só en zonas onde había cobertura de fibra Vodafone, pero dende decembro xa temos cobertura en todas as zonas de fibra; iso quere dicir que por exemplo como en Melide hai cobertura de fibra Movistar, pois con Juifi tamén a imos ter, e así en todos os lugares a onde chegue a fibra", engade.

Neste senso, entre as tarifas máis atractivas que os clientes poden atopar figuran algunhas como "100 MB dende 24,90 euros IVE incluído, 300 MB por 29,90 euros ou 600 MB por 34,90 euros, e todo en velocidades simétricas", salienta Óscar.

Ademais, os clientes teñen a posibilidade de optar por este servizo por separado sen necesidade de contratar ningún tipo de paquete que inclúa móbil, fixo ou televisión.

Ampliación das coberturas móbiles

Outra das novidades en Juifi é a ampliación das coberturas móbiles, o que lle permite ao cliente seleccionar a cobertura que precise sen necesidade de cambiar de compañía.

"Ata agora no móbil só tiñamos cobertura de Orange –explica Óscar– pero agora temos cobertura de Orange, de Vodafone e en breve de Movistar; isto quere dicir que o cliente que veña a Juifi pode elixir o operador que mellor lle funcione e co que máis cobertura teña, e levalo con Juifi".

Por outra parte, para aquelas zonas ás que non chegue a cobertura de ningunha forma, Juifi dispón dalgún servizo de 4G, "con límites bastante altos e por tan só 39 euros con fixo xa incluído".

Así mesmo, esta empresa melidense acaba de incluír entre os seus servizos aos operadores low cost MÁSMOVIL, Pepephone, Llamaya, O2 e Digimobil, "todo para que o cliente teña a variedade que necesita e poida escoller entre o que mellor se lle adapte".

Protectores de pantalla

Deixando a fibra e as coberturas móbiles a un lado, en Juifi tamén contan con novidades en tenda. É o caso dun novo dispositivo que permite a elaboración de protectores de hidroxel para as pantallas ao instante.

"É algo moi útil porque ti chegas aquí, pides o modelo, faise no momento e lévalo posto; dá igual que teléfono teñas porque os facemos a medida para calquera marca e modelo de móbil, tablet, incluso reloxos, e mesmo hai a opción de facer protector dianteiro ou traseiro", sinala Óscar.

"Este tipo de protectores –engade– resultan moi resistentes porque son como de silicona, o que nos permite protexer o teléfono dos golpes e sen romper; é dicir, os protectores de vidro tradicionais o que fan é protexer, pero se levan un golpe rompen, este de hidroxel protexe e en caso de golpe non rompe".

Con todo, e xunto ás últimas novidades que incorporou o negocio, Juifi mantén e continúa prestando os servizos de sempre como son Internet no rural ou a reparación de móbiles. Así mesmo, xa traballan no ámbito da televisión que en breve agardan poder ofrecer.

Produtos de calidade e a fidelidade dos clientes, os mellores aliados do comercio tradicional este Nadal

Sen dúbida 2020 foi o ano das máscaras, o xel hidroalcohólico, a distancia de seguridade e por suposto o ano das restricións, medidas que continuarán vixentes durante o Nadal e seguramente boa parte do vindeiro ano. Con todo, e pese a afrontar un Nadal diferente, as perspectivas dentro do comercio local semellan boas; e máis se nos centramos no comercio tradicional, ese que atopa na calidade dos seus produtos e na fidelidade dos seus clientes os mellores aliados. Establecementos como ***Casa Juanito****,* ***Ribeirao*** *ou* ***Casa Santos*** *son claro exemplo de a que nos referimos.*

"Temos moitos clientes que nos seguen sendo fieis"

Eva Varela e Juan José Rodríguez, *Casa Juanito*

En activo dende o ano 1910, Casa Juanito afronta este Nadal con boas perspectivas. Así o recoñece Eva Varela, que afirma que de momento "a cousa está funcionando bastante ben".

Especialistas na elaboración de cestas de Nadal, e pese ás restricións na hostalería, asegura que a diferenza nas vendas non está a ser notable. "Si é certo que estamos facendo algunhas cestas menos porque a hostalería estivo pechada e algunha aínda está pechada, e as que se adoitaban vender para os bares non saíron –di–, aínda así, grazas a Deus temos moitos clientes que nos seguen sendo fieis e a verdade é que a cousa está indo ben".

Neste senso as empresas continúan demandando este servizo que incorpora os produtos de sempre. "Os artigos e produtos que temos aquí son de calidade, e tanto as empresas como a nivel particular sábeno, por iso para as cestas nos piden o de todos os anos".

O que semella non cambiar de un ano para outro, nin cunha pandemia de por medio, é o feito de deixar as compras para a última hora.

Pola súa banda, as boas perspectivas dentro da tenda contrastan un pouco coa parte da distribución á que tamén se dedica Casa Juanito. A este respecto, e pese a que pouco a pouco "a situación comeza a remontar, durante os meses de marzo, abril e maio a venda na distribución viuse reducida en máis dun 50%".

Optimismo de cara ao futuro

Mirando cara a diante en Casa Juanito son optimistas e amósanse esperanzados cun cambio. "A xente está desexando que as cousas cambien para poder vivir libremente, hai ganas de que isto remate xa, de vivir sen que esta pandemia pese sobre a cabeza de cada persoa, así que eu creo que en canto ese temor desapareza a xente lanzarase a vivir e a consumir; esperemos que sexa pronto e que o ano que vén sexa bo", apunta Juan José Rodríguez.

"Elaboramos lotes de Nadal a medida dos clientes"

Martín e Manuel Ferreiro, *Ribeirao*

Fundada en 1912, Ribeirao dispón a día de hoxe de dúas claras liñas de negocio: a da distribución e a da viñoteca.

Ao igual que Casa Juanito, tamén durante o período máis duro de confinamento a súa parte máis afectada foi a da distribución. "No que atinxe á distribuidora estamos un pouco máis prexudicados porque está directamente relacionada coa hostalería; foi aí onde máis notamos o tema da pandemia co peche dos locais –sinala Martín Ferreiro–, por poñer unha cifra diríache que nun 30% aínda que tamén depende do produto ao que nos refiramos, porque por exemplo se cadra o consumo de cervexa en comparación co do viño, a nivel distribución foi o que menos se resentiu".

Porén, non foi así no caso da tenda, que agardan se manteña estable. "A tendencia na tenda, que a nivel viñoteca empezou hai relativamente pouco, estaba sendo a crecer todos estes anos; si que é certo que este ano quizais non vaiamos a medrar igual, pero si agardamos que se manteña estable, que a verdade está bastante ben se temos en conta o tempo que tivemos que estar pechados".

Xa de cara á campaña de Nadal en Ribeirao as expectativas son boas. "Afrontámola con moita ilusión e en principio agardamos que sexa unha campaña boa, sobre todo porque cremos que o sector da alimentación, como é o caso da nosa tenda, non está tan prexudicado –di– e ademais porque cremos que a xente se animará a mercar para as súas ceas e comidas de Nadal", engade.

Un agasallo perfecto

Cómpre salientar que en Ribeirao tamén elaboran cestas e lotes de Nadal segundo as preferencias dos clientes. "Adoitan mercalas como agasallo de Nadal e poden configuralas segundo o presuposto que queiran e os produtos que desexen –di Martín–, hai dende o típico estuche de botellas, ata lotes nos que podes incorporar aceites, pastas, chocolates, galletas, augardentes, algún tipo de produto gourmet que tamén temos, e botellas de viño claro".

Ademais, e no caso de non poder desprazarse, en Ribeirao dispoñen de tenda en liña.

"Traballamos con produtos de calidade e do país"

Santos López Novo, *Casa Santos*

Dende 1974 traballan en Casa Santos cos mellores produtos do país, e así será tamén este Nadal que se presenta tan estraño. "Afrontámolo como unha situación novidosa porque non se sabe moi ben como vai ser o comportamento do consumidor, pero en principio con optimismo e agardando que os nosos produtos continúen sendo demandados polo mercado, que ademais son produtos de calidade, de proximidade e produtos do país", explica Santos López.

Sabedor de que dispor dun produto de calidade e do país é garantía de éxito en calquera época do ano, en Casa Santos agardan que as vendas a nivel particular tamén se manteñan durante estas datas. "Eu creo que por un lado a venda que se ía facer á hostalería vai baixar, porque supoño que non haberá tantas celebracións como en condicións normais, pero sen embargo nas casas penso que se vai consumir máis".

Cunha clientela xa máis que afianzada, Santos destaca unha única desvantaxe que, no seu caso, está relacionada coas restricións á mobilidade. "No noso caso temos moita xente de fóra que viña a mercar durante o Nadal, refírome a xente de Bilbao, Barcelona, Madrid, da Coruña, pero agora claro, con isto das restricións estamos un pouco expectantes por se poderán desprazarse ou non –sinala–, se se poden desprazar venderemos máis, loxicamente, e se non se poden desprazar será unha venda máis limitada, aínda así algúns sempre nos chaman por teléfono e enviámoslle igual os produtos", engade.

Cestas a medida

Ao igual que nos establecementos anteriores, tamén en Casa Santos elaboran cestas a medida cos seus produtos. "Personalizamos todo; ti vés, elixes os produtos que queres e empaquetámolos e dámoslle forma", indica Santos, unha opción que tamén realizan a día de hoxe a través do teléfono mentres poñen en marcha a venda en liña a través de Internet.

O Concello aproba os orzamentos para 2021 que ascenden a 7 millóns

Aumenta o gasto de persoal e refórzanse os servizos sociais

O Concello de Melide aprobou os seus orzamentos para 2021 que ascenden a un total de 7 millóns de euros –un 10% menos con respecto a 2020– e que perseguen como obxectivos fundamentais "a modernización da Administración, unha maior inversión tanto no ámbito social como en infraestruturas, cumprir coa estabilidade orzamentaria e atender aos problemas xerados pola Covid". Así o detallou na súa presentación aos medios o concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide, Xosé Igrexas.

Aumento nos gastos de persoal

No capítulo I os gastos de persoal aumentan un 17% para facer fronte, entre outras contratacións, a sete prazas de persoal laboral temporal –durante dous anos– distribuídas do seguinte xeito: catro técnicos, un para o departamento de Medio Ambiente, outro para Urbanismo, Secretaría e Intervención; e tres administrativos para Urbanismo, Secretaría e Intervención. Tamén se contemplan dúas prazas de auxiliar de Policía Local durante seis meses a xornada completa.

En relación ás diferentes prazas o concelleiro de Promoción Económica destacou a contratación dun técnico para o departamento de Urbanismo "porque cando entramos no Goberno atopámonos máis de 200 licenzas sen tramitar", o que imposibilitou "poñernos ao día", dixo.

Por outra banda, e tras aprobar a proposta de cadro de persoal "por unanimidade de todos os sindicatos que estaban na mesa de negociación", Igrexas apuntou que o Goberno local ten en previsión a negociación da nova Relación de Postos de Traballo ao longo do vindeiro ano, para o cal os orzamentos de 2021 contemplan "unha consignación inicial mínima de 50.000 euros que se podería incrementar en 30.000 euros a maiores de chegar a un acordo satisfactorio para todas as partes", sinalou.

Crise da Covid

Co obxectivo de atender os problemas derivados da crise da Covid, o Concello de Melide destinará á área de Servizos Sociais 1.225.500 euros; 153.000 euros serán para o departamento de Promoción Económica especialmente encamiñados a accións de reforzo en ámbitos como o comercio e a hostalería local; mentres que para Cultura e Turismo prevense 272.000 euros e para Deportes 434.000.

En relación ás subvencións nominativas, engádense dous novos colectivos que son a Asociación Cazadores Terra de Melide e Melide Veteranos. Así mesmo auméntase a partida destinada a Cáritas parroquial debido a que "durante este ano que estivemos en coordinación con eles o Concello tivo que asumir parte do traballo, como foi no caso do reparto de alimentos, porque Cáritas non dispoñía de fondos suficientes", apuntou Igrexas.

Investimentos

Xa no relativo ao capítulo de investimentos o concelleiro de Promoción Económica destacou que "para o vindeiro ano duplícanse os fondos propios do Concello para inversións", pasando así de 116.000 euros en 2020 a 230.000 para 2021.

Críticas do PP

O Partido Popular de Melide, que non apoiou os orzamentos, criticou as contas do Concello para 2021 ao considerar que "en plena pandemia o único capítulo que aumenta é o de gastos de persoal en case un 18%".

En relación a esta cuestión a voceira popular, Dalia García, instou ao goberno bipartito de Adianta Melide e PSdeG-PSOE "a conxelar os salarios dos tres membros con dedicación exclusiva deste goberno mailo xefe de gabinete para que non aplicasen a suba do 2%".

García tamén cualificou de "ilegais" as sete prazas anunciadas polo Concello e destacou "o agravio comparativo que se vai cometer con subas arbitrarias a cinco traballadores de ata 5.000 euros sen informes de intervención nin de secretaría".

Por outra banda, a voceira popular censurou que as axudas a autónomos para paliar os efectos da crise da Covid se reduzan a 43.000 euros cando esa é "a parte proporcional obrigatoria para acceder ao PEL-REACTIVA da Deputación da Coruña", e criticou que non se contemple "unha baixada de impostos".

Así mesmo, insistiu en que as contas "non son uns orzamentos sociais" e que "o gasto social do que presumen os responsables municipais é a suma de todas as partidas financiadas con cargo á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña".

Canalización das augas do parque empresarial da Madanela á EDAR

No pleno ordinario de decembro do Concello de Melide tamén se aprobou solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña o financiamento correspondente para a execución da obra de conexión das augas fecais do polígono industrial da Madanela co saneamento de Melide.

En relación a isto, dende o Partido Popular criticaron "a perda de meses moi valiosos para a xestión dun proxecto destas características ao desbotar a proposta que o PP tiña xestionada ante Augas de Galicia desde o primeiro momento"; un proxecto que finalmente será o que se desenvolva –en lugar dunha depuradora– por un importe de 1,4 millóns de euros.

Dalia García, voceira do PP local, subliñou ademais que "o goberno bipartito melidense tivo que recoñecer que o proxecto que no seu día solicitamos a Augas de Galicia é o idóneo para solucionar a problemática do parque empresarial, cun plus engadido: o beneplácito de Augas de Galicia, o que asegura a súa viabilidade".

Preocupación e dúbidas no BNG

En relación a este proxecto, o deputado do BNG no Parlamento galego, Xosé Luís Rivas "Mini", amosou a súa preocupación. "As augas que saen do polígono non son augas fecais, son verquidos industriais e traelos até a depuradora da vila non é a solución, máis ben pode supor un problema maior no futuro" advertiu, "non entendemos porque se pretende cargar a EDAR da vila cunhas substancias que non está preparada para depurar", insistiu.

Mini Rivas tamén sinalou que "este sen sentido é produto da irresponsabilidade e da covardía do Goberno municipal de Melide que agocha as orellas fronte ás artimañas do PP" e engadiu "escúdanse nun suposto custe dunha depuradora industrial para acometer esta aberración".

O deputado do BNG anunciou que solicitarán a documentación correspondente para "investigar" o que cualificou como unha "tomadura de pelo á poboación de Melide".

O Concello pagará as facturas que deixou recoñecidas o anterior goberno do Partido Popular

O Concello de Melide pagará as facturas aos provedores que deixou recoñecidas o anterior goberno da popular Dalia García; unhas facturas que ascenden a máis de 637.000 euros. Farao tras coñecer o fallo dunha sentenza que obriga ao Concello a realizar ditos pagos, xunto aos intereses e os custos xudiciais.

Para proceder ao pago, nunha sesión extraordinaria a finais de novembro o pleno de Melide levantou por unanimidade o reparo suspensivo que pesaba sobre ditas facturas.

A este respecto, dende o Partido Popular local, Dalia García sinalou que "a sentenza vén, aínda que tarde, a reafirmar o que dende o PP levamos reclamando: a necesidade de pagamento inmediato das facturas que ata chegaron a devolverse aos provedores sabedores de que se tiñan que proceder ao seu pago".

Pola súa banda, dende o PSdeG-PSOE de Melide, José Antonio Prado destacou que a sentenza xudicial "lexitima ao Concello para que poida de xeito totalmente legal realizar os pagos", o que propiciou que "o goberno municipal propuxese novamente o levantamento do reparo suspensivo que pesaba sobre esas facturas emitidas por obras realizadas de modo ilegal", indicou.

A reforma da piscina municipal, unha realidade a finais do próximo verán

O Concello de Melide asumirá a dirección da piscina climatizada e dúas empresas xestionarán os servizos deportivos e o mantemento da instalación





Planta baixa e planta alta no proxecto de reforma (Fotos: C.M.)

Melide reformará o vindeiro ano as instalacións da piscina climatizada para transformala nun centro deportivo, cun investimento que ascende a 604.000 euros.

Así o deu a coñecer o concelleiro de Deportes do Concello de Melide, José Antonio Prado, durante a presentación do proxecto de reforma; un proxecto que segundo explicou porá fin "aos problemas estruturais e de mantemento que viña acarreando a instalación nos últimos anos".

Pechada dende setembro de 2019, a piscina municipal "non pode poñerse en funcionamento no estado actual, segundo indicacións de expertos que a inspeccionaron, por risco evidente para a saúde dos usuarios", explicaron dende o Concello, de aí que precise "de investimentos obrigatorios en climatización, ventilación, calefacción e xestión da auga, ademais de optimización de espazos".

Centro deportivo e xestión directa

Co obxectivo de transformar as instalacións nun centro deportivo, o proxecto do Concello de Melide contempla "unha actualización e redefinición rigorosa da edificación e do seu entorno, deseñando a reforma dos espazos interiores, integrando a xestión das pistas de pádel e pista multideportiva próximas e contemplando para o futuro, se as necesidades así o requiren, posibles ampliacións na zona nor-nordeste".

Neste sentido, o concelleiro de Deportes afirmou que "apostamos pola xestión máis directa que nos permite a lei, asumindo a dirección da piscina climatizada, para o que adxudicaremos a xestión do persoal na parte deportiva e na técnica de mantemento".

Para isto, Prado asegurou que se realizarán dous procesos de licitación, "un o de reforma e mantemento da instalación, vinculado aos subministro de servizos enerxéticos; e outro, o de servizos deportivos, que proverá de persoal cualificado e profesional para cubrir as necesidades da oferta deportiva municipal".

En relación a isto, o contrato de servizos deportivos proverá de persoal técnico deportivo á piscina climatizada, pero tamén ás escolas deportivas, á piscina de verán e a outras actividades organizadas polo Concello.

Os procesos acometeranse nos primeiros meses de 2021 para que a reforma da piscina municipal sexa unha realidade, previsiblemente, "a finais do próximo verán".

Proxecto de reforma

Excepto no vaso da piscina, o proxecto de reforma contempla unha actuación integral. Así, ampliarase o ximnasio, pasando de 80 a 178 metros cadrados; ampliaranse tamén os vestiarios, pasando de 34 a 105 metros cadrados; e haberá dúas salas de actividade dirixidas, unha de 80 e outra de 58 metros cadrados.

Mudarase a totalidade das máquinas de ximnasia e o sistema de climatización, neste último caso para cumprir coa normativa vixente.

Segundo apuntou o concelleiro de Deportes "intentaremos que este centro deportivo se integre como unha nova posibilidade na urbanización Taboada Roca, que conta xa con pistas de pádel, pistas polideportivas e un parque infantil, creando así un espazo onde a actividade física sexa a protagonista. É un proxecto de presente, pero tamén de futuro", dixo.

Reabre a rúa Mateo Segade Bugueiro trala súa renovación

(Foto: C.M.)

Melide reabriu ao público a rúa Mateo Segade Bugueiro, que foi obxecto de melloras durante os últimos seis meses para reurbanizar o acceso do Camiño Primitivo ao casco vello.

A actuación contou cun orzamento de 148.282 euros e proxectouse para poñer en valor a rúa na que, ademais da separación das redes de pluviais e fecais, se realizaron melloras estéticas máis acordes coa zona.

Así, instalouse mobiliario urbano novo, realizouse plantación de árbores, dotación baixo terra de tendidos eléctricos e telecomunicacións, así como unha redistribución dos espazos. A maiores, creouse unha pequena praza nas inmediacións da Igrexa.

A rúa segue mantendo a circulación en dobre sentido.

Comezan as obras de rehabilitación e posta en valor da ponte medieval de Furelos

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma), a través do Programa de Rehabilitación do Patrimonio Arquitectónico, iniciou os traballos de rehabilitación e posta en valor da ponte de Furelos.

As actuacións iniciais foron supervisadas a comezos de decembro pola subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo; e o alcalde de Melide, Xosé Manuel Pérez.

Acompañados polo concelleiro de Urbanismo, José Antonio Prado; e a directora da Área de Fomento da Delegación do Goberno en Galicia, Ana Quintairos; a subdelegada e o alcalde foron informados polo director da obra das características e prazos do proxecto, cuxa execución prevista é de seis meses e que conta cun orzamento de 285.515 euros, financiados integramente polo ministerio.

(Foto: D.G.)

A intervención na ponte de Furelos propón unha plataforma que salva o desnivel ata o río onde se poderán realizar actividades de lectura, pesca, contemplación ou aparcamento de bicicletas, para continuar despois a travesía que sempre representa o Camiño de Santiago.

Trátase ademais de pór en valor o monumento mediante a reparación das patoloxías non estruturais, a limpeza e repavimentación da súa superficie, e a creación dun miradoiro na ladeira sur do río que sirva como plataforma de observación da propia ponte e como punto de descanso para os peregrinos.

A iniciativa enmarcase dentro da adecuación de tramos do Camiño de Santiago Francés.

A Policía Local de Melide incorpórase ao sistema Vioxen de seguimento de vítimas de violencia machista

Melide reduce en 2020 as infraccións penais nun 30%

O Concello de Melide acordou a incorporación do corpo da Policía Local ao sistema de seguimento integral dos casos de violencia de xénero Vioxen. Foi na última reunión da Xunta Local de Seguridade que estivo presidida pola subdelegada do Goberno na Coruña, Pilar López-Rioboo; e o alcalde de Melide, José Manuel Pérez.

Na reunión, na que tamén estiveron representantes da Garda Civil, Policía Autonómica e Policía Local, analizouse o protocolo establecido entre o Goberno de España e a FEMP para a protección de vítimas de violencia doméstica e de xénero.

Esta medida abórdase polo Concello trala incorporación de novos axentes ao cadro de persoal da Policía Local, o que permitirá unha maior dedicación deste servizo ás tarefas de vixilancia e control das vítimas, en colaboración sempre coa Garda Civil. Este último corpo encárgase dos casos máis graves mentres que habitualmente as policías locais levan os casos

(Foto: D.G.)

máis leves e menos graves.

Seguridade cidadá

Por outra parte, os distintos representantes das Forzas de Seguridade do Estado informaron da evolución estatística relativa á seguridade cidadá no municipio, na que se constatou que os índices de criminalidade descenderon no que vai de ano de maneira moi considerable, tal e como reflicte a redución das infraccións penais rexistradas en case un 30 %.

Pola súa banda, aumentaron tamén de forma considerable os casos esclarecidos.

Nesta redución tivo unha parte importante o proceso de confinamento e as restricións derivadas pola pandemia da Covid, se ben o descenso foi gradualmente moito máis considerable que noutras localidades da provincia.

Segundo as previsións das forzas e corpos de seguridade, a estimación é que Melide teña ao final deste ano unha taxa de criminalidade de 19,31 delitos penais por cada mil habitantes, cando en 2019 esta porcentaxe estaba situada en 28,3. A media provincial é de 31,8 e a estatal sitúase en case 47 delitos por cada mil habitantes.

Acoden de novo á Valedora do Pobo para recuperar un camiño en Toques

A asociación de troiteiros Río Furelos de Melide, que leva cinco anos pelexando para que se restitúa este espazo público, acudirá á vía xudicial se non se resolve o problema

A asociación de troiteiros Río Furelos de Melide non descarta acudir á vía xudicial para solucionar o conflito que dende 2015 mantén co Concello de Toques en relación á recuperación do Camiño da Pena ao río Furelos.

Tal e como recolle o último escrito presentado no mes de novembro polo presidente do colectivo de troiteiros, Xavier Pazo, ante a Valedora do Pobo, "o 11 de agosto de 2017 o Pleno do Concello de Toques aprobou a recuperación e deslinde en Vía Administrativa do Camiño Público "CAMIÑO DA PENA ao RÍO", dándolle aos colindantes un prazo de 30 días para deixar libre o vial de 4,50 metros, con gabias a ámbolos dous lados. De non ser así, o Concello comprométese a levar a cabo en por si as accións necesarias para a recuperación do camiño".

A día de hoxe, e tras unha actuación do Concello de Toques en dito camiño que foi novamente recorrida pola asociación de pescadores ao non "corresponderse coa realidade", o acordado no pleno do 11 de agosto de 2017 continúa sen cumprirse.

Último intento

Tras non obter resposta por parte do Concello de Toques á solicitude presentada o pasado mes de abril como último intento para recuperar a totalidade "do espazo público reclamado", o colectivo melidense decidiu acudir novamente á Valedora do Pobo o pasado mes de novembro, que admitiu a queixa e iniciou de novo "as actuacións oportunas ante o Concello de Toques" requirindo nun prazo de 15 días a información necesaria.

"Se agora non se arranxa este problema, despois de acudir novamente á Valedora do Pobo, non nos vai quedar máis remedio que acudir á xustiza, esgotaremos antes todas as posibilidades, pero se desta vez non se cumpre o acordado no pleno de 2017 iremos pola vía xudicial", sinalou Pazo.

Máis de 2,3 millóns para a comarca no Plan Único do vindeiro ano

O pleno da Deputación da Coruña aprobou por unanimidade o Plan Único 2021, cun orzamento inicial que pasa dos 47,2 aos 64,6 millóns de euros, e que contará con importantes novidades como a incorporación dunha partida especial de 14 millóns de euros destinados exclusivamente a atender os gastos sociais extraordinarios dos concellos derivados da pandemia da Covid-19.

No que se refire á comarca da Terra de Melide, o Plan Único destinará máis de 2,3 millóns de euros aos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques, dos cales máis de 500.000 euros irán para gastos sociais.

Valentín González Formoso, presidente do organismo provincial, destacou que o Plan Único "medra un 37% e adáptase á difícil situación que atravesamos para impulsar a reactivación social e económica nos concellos coruñeses en 2021".

Os fondos restantes, informou, "destinaranse a investimentos que axudan a reactivar a economía, crean emprego e melloran os servizos e infraestruturas dos 93 concellos da provincia".

Hai que salientar que as achegas para gastos sociais do Plan Único 2021 poderán destinarse por parte dos Concellos a cuestións como o reforzo do persoal adscrito aos servizos sociais e axuda no fogar, creación de axudas para a cobertura de necesidades básicas como vivenda, alimentación, gastos médicos ou farmacéuticos dos colectivos máis vulnerables, axudas para gastos de escolarización de familias con baixos recursos, etc.

PLAN ÚNICO 2021 NA COMARCA

Concello	Investimentos, Gasto corrente e Amortización de débeda	Gastos sociais	TOTAL
Melide	664.922,84 €	194.033,69 €	858.956,53 €
Santiso	344.208,17 €	111.167,60 €	455.375,77 €
Sobrado	451.382,41 €	129.856,73 €	581.239,14 €
Toques	311.748,13 €	98.644,08 €	410.392,21 €
Total	1.772.261,55€	533.702,1 €	2.305.963,65€

Novembro deixa 36 persoas máis sen emprego na comarca

Os datos do paro na comarca ao remate do mes de novembro volven a ser negativos, cun aumento de 36 persoas máis desempregadas que deixan o total nunha cifra de 625 persoas sen emprego na comarca da Terra de Melide.

Por concellos, onde máis sobe esta cifra é en Melide, con 25 persoas máis desempregadas e un total de 432. No concello de Santiso hai 9 persoas desempregadas máis (80 en total), e en Sobrado 3 máis (66 en total). No concello de Toques descende a cifra nunha única persoa, pasando así de 48 persoas desempregadas ao remate de outubro a 47 a finais de novembro.

este
Nadal
ti eres o Cerne
de
Melide
Concello de Melide
Merca en Melide
Cerne de Galicia
CCA Melide
Centro Comercial Aberto
ASETEM

Manuel Buján

Carpintería. Cocinas y Baños

Tfno. 981 507 421 / **Móvil.** 610 569 393

Avda. de Lugo, 99 - 15800 Melide (A Coruña)

www.cocinasmanuelbujan.com

mueblesbujan@gmail.com

Colorín Colorado

tenda de roupa infantil

A última moda para os máis pequenos!

Ronda Coruña, 10

15800 - Melide

Telfn.: 881 97 85 60

A Garda Civil rescatou a tres escolares que quedaron inmobilizados nun microbús en Toques debido á neve

A intensa nevarada caída na comarca a comezos de decembro deixou fermosas estampas nos catro concellos, mais tamén un regueiro de incidencias –ningunha delas grave– como foi no caso de Melide e tamén en Toques.

Neste último concello un grupo de escolares viviu a súa particular aventura ao seren rescatados da neve por unha patrulla da Garda Civil.

Foi nunha estrada local, preto de Penaventosa, onde un destacamento da agrupación de Tráfico da Garda Civil de Santiago rescatou a tres escolares menores ao quedar inmobilizado pola neve o vehículo de transporte escolar que os trasladaba.

(Foto: G.C.)

Tal e como apuntaron dende Garda Civil, "debido á forte tormenta de neve caída na vía e á falta de mantemento, o vehículo quedou inmobilizado na neve sen poder continuar a súa ruta para chegar ao centro educativo".

Así, a patrulla rescatou e trasladou "nun vehículo oficial 4X4 a tres escolares menores ocupantes do microbús e á coidadora, quedando o vehículo de transporte escolar inmobilizado" ata que se despexou a vía e puido saír polos seus medios.

Dende o Instituto Armado engadiron que "os nenos, de educación infantil e primaria, en ningún momento se puxeron nerviosos" e mesmo se mostraron "ilusionados e contentos pola neve" e tamén polo feito de "ser trasladados por un vehículo todo terreo da Garda Civil ata o colexio a onde chegaron sen novidade, supoñendo unha aventura para eles".

Rematan os traballos na AC-934

(Foto: X.G.)

Despois dunha intervención de meses a Xunta de Galicia acaba de rematar as obras de mellora na estrada AC-934, en Sobrado, co obxectivo de reforzar a seguridade viaria e facilitar a mobilidade na contorna. Os traballos, que incluíron a construción dunha senda, contaron cun investimento de máis de 1,6 millóns de euros para acometer o acondicionamento do tramo de 4,5 quilómetros da estrada que transcorre entre o límite coa provincia de Lugo e o cruce de Abeleiras.

Robótica educativa en Santiso

O CEIP de Arcediago, en Santiso, é un dos novos centros escolares que se incorpora este curso ao programa de innovación educativa da Xunta de Galicia "Introdución á robótica educativa en primaria". O obxectivo deste programa é que o alumnado de 4º, 5º e 6º de educación primaria poida iniciarse na experiencia de programación básica, robótica e construción. Para desenvolver o programa o centro recibirá unha achega económica e o correspondente material.

Reciclaxe en Toques

O Concello de Toques colocou dezaseis contedores amarelos na vila, situados principalmente ao longo da estrada provincial do municipio, co obxectivo de facilitar aos veciños a reciclaxe de envases de plástico, briks e latas e "diminuír o custo do tratamento dos residuos para o Concello".

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno - Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

MERCAR EN MELIDE
Todo un acerto

ESTE
Nadal
TOCA
en MELIDE
2020

8 DE XANEIRO DE 2021

SORTEO NA NOTARÍA DE MELIDE
ÁS 12:00 H
en streaming
NAS REDES SOCIAIS

3000€

CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

XUNTA DE GALICIA

Concello de Melide

Merca en Melide
Corne de Galicia

500 anos da *Asemblea de Melide*

Conmemoran na vila o quinto centenario da "asemblea de nobres e prelados" de 1520

Nunca a frase "Melide, cerne de Galicia" tivo tanto sentido, e é que cincocentos anos despois Melide volveu a ser punto de encontro central e de referencia para Galicia. Foi o 4 de decembro con motivo da celebración do 500 aniversario da *Asemblea de Melide*.

(Foto: C.M.)

Os actos serviron para conmemorar a xuntanza que celebraron en 1520 na vila "nobres e prelados en defensa dos intereses de Galicia fronte ao que consideraron un desaire do rei Carlos I por excluílos das Cortes convocadas en Santiago"; ou o que foi, noutras palabras, unha das citas fundamentais da historia de Galicia e de Melide.

Nesta ocasión, a celebración congregou en Melide ao presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Santalices; á presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez; e ao delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña, Gonzalo Trenor; que estiveron acompañados polo alcalde de Melide, José Manuel Pérez, entre outras autoridades locais e autonómicas; ademais de por membros do Museo da Terra de Melide (entidade promotora da iniciativa e colaboradora dos actos de celebración xunto ao Concello) e veciños e veciñas que participaron nos actos.

Neste senso, cómpre sinalar que durante a súa posterior intervención, o presidente do Parlamento galego tivo unhas palabras para "loar tamén o papel do veciño anónimo que alertou da proximidade da efeméride, feito que posibilitou a celebración do acto".

Pola súa banda, e tal e como estaba previsto, os actos comezaron moi preto do cruceiro de Melide coa interpretación do himno do Antigo Reino de Galicia, onde tamén se descubriu unha placa conmemorativa da efeméride para a continuación trasladar a celebración ao centro sociocultural Mingos de Pita. Alí tamén participou o catedrático de Historia Moderna da USC, Pegerto Saavedra, e a arqueóloga e técnico do Museo da Terra de Melide, Cristina Vázquez.

Unha publicación sobre o acontecido

Co obxectivo de "perpetuar a memoria desta parte indisoluble da nosa historia, legando ás galegas e galegos do futuro un documento que, desde o rigor histórico, permita coñecer un pouco mellor o noso pasado", o presidente do Parlamento galego ofreceu ás entidades promotoras do acto a posibilidade de editar unha publicación conxunta sobre este feito histórico.

Un feito histórico que Melide conmemorou cincocentos anos despois.

Exposición "Nós tamén fomos emigrantes"

Ata o 18 de decembro pode visitarse na sala de exposicións do centro sociocultural Mingos de Pita, antiga casa da cultura de Melide, a exposición «Nós tamén fomos emigrantes. Fotografías da Axencia EFE sobre a emigración española no século XX».

A exposición consiste nunha selección de corenta fotografías da emigración, tanto española como galega, procedentes dos arquivos da Axencia EFE.

O obxectivo é o de tratar de achegarnos a esa realidade histórica a través dunha síntese fotográfica das migracións mediante a mirada profesional e humana dos fotoxornalistas da época. É a historia de «millóns de españois que tiveron que abandonar a súa terra para sobrevivir», en palabras de Miguel Ángel Gozalo, director da Axencia EFE entre 1996 e 2004.

A mostra, que foi presentada polo Concello de Melide, ABANCA e Afundación, está aberta ao público en horario de 17.00 a 20.30 horas de luns a venres.

Esta iniciativa enmárcase no proxecto «Corrente cultural» que propicia a colaboración entre o Concello de Melide, ABANCA e Afundación.

Melide difundirá a obra de Manuel María

O Concello de Melide e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos asinaron un acordo de colaboración para a difusión da obra de Manuel María.

Esta colaboración entre ambas institucións achegará a Melide a representación teatral da compañía que resulte gañadora do "Certame Manuel María de Proxectos Teatrais", así como outras actividades de promoción da cultura galega.

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos ten por obxecto a conservación e a difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral.

A figura de Manuel María, natural de Outeiro de Rei, e a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas no ano 2016, foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas no ano da posguerra.

Diversos espectáculos, un obradoiro e un campamento completan a programación de Nadal en Melide

(Fotos: C.M.)

Baixo o lema "Este Nadal ti es o cerne de Melide", o Concello de Melide vai desenvolver unha programación de actividades e iniciativas ata a primeira semana de xaneiro.

"O lema fai referencia ao momento que estamos vivindo, no que máis ca nunca temos que apoiarnos uns aos outros, apoio ao noso comercio, a nosa cultura, á hostalería e a todos os sectores produtivos da vila para saír reforzados desta situación, por iso, pareceunos acertado que o cerne de Melide sexan os propios veciños e veciñas", explicou na presentación da programación o concelleiro de Promoción Económica de Melide, Xosé Igrexas.

Así por exemplo, á campaña que xa está en marcha da tarxeta Merca en Melide súmanse outras actividades como o concurso de escaparates de Nadal –con máis de 20 participantes–, e unha programación cultural nos meses de decembro e xaneiro con Lydia Botana, o mago Hocus Pocus, Mijail Moriatov, Ohlimpiadas, Pakolas e a Tropa do Doutor Milagre no centro sociocultural Mingos de Pita.

Por outra banda, tamén dende a Concellaría de Cultura, que dirixe Mayka Basalo, poñerase en marcha un campamento de Nadal para os máis cativos, con grupos reducidos, e co obxectivo principal de facilitar a conciliación laboral e familiar durante as vacacións dos escolares.

A programación cultural completarase cun obradoiro de ecoadornos, que se celebrará en liña, e da que se dará a coñecer toda a información a través das redes sociais do Concello de Melide.

Encontro cos Reis Magos

A concelleira de Cultura, Mayka Basalo, avanzou que tamén este ano Gaspar, Melchor e Baltasar visitarán Melide como é habitual a noite de Reis, pero "este ano farano dun xeito máis especial se cabe, adecuándose ás medidas de seguridade nas que nos vemos inmersos pola pandemia sanitaria". Para esta cita o Concello de Melide está "ultimando os detalles coas tres maxestades".

Acendido do alumamento de Nadal

Co obxectivo de "contribuír a dinamizar a economía local e achegar un chisco de ilusión a todas e todos nestes tempos difíciles" o Concello de Melide tamén acendeu o alumeamento de Nadal, distribuído polas diferentes zonas do centro urbano e tamén este ano, por primeira vez, polas parroquias do municipio.

“A resposta da xente está sendo impresionante, estou sorprendida, desbordada e... agradecida non, o seguinte”

Ana Fernández, da casa niño de Santiso, organiza unha recollida solidaria de xoguetes, alimentos non perecedoiros e roupa ata o 20 de decembro

Se ao longo do ano é habitual ter coñecemento de diferentes iniciativas solidarias, máis o é na época de Nadal; e desta vez, pese ás circunstancias, non ía ser menos. É o caso de Axóuxere, a casa niño de Santiso.

Ana Fernández, a súa responsable, iniciou a finais de novembro unha campaña de recollida de xoguetes, alimentos non perecedoiros e roupa co obxectivo de axudar a aquelas persoas de Santiso que peor o están pasando. Co que non contaba Ana era coa repercusión que ía ter a súa iniciativa e a ampla resposta recibida.

“Está sendo unha locura –di Ana– a día de hoxe temos un montón de cousas, de feito xa viñeron do Concello por segunda vez, porque eu non teño sitio onde gardar máis”.

O obxectivo principal era organizar unha recollida para aquelas persoas do municipio que o necesitaran, pero a iniciativa chegou tan lonxe que coa casa niño de Santiso púxose en contacto incluso xente de Ribeira. “Está sendo tal a resposta da xente que cando remate a campaña, que nun principio naceu para axudar aos veciños e veciñas de Santiso, teremos que abrila á xente doutros municipios e a outras asociacións, porque todo o que estamos xuntando xa se queda grande só para Santiso, e por desgraza hai moita xente, moitas familias e asociacións noutros lugares que tamén o están pasando mal e precisan axuda”, explica Ana.

Foto: A.F.

Predicar co exemplo

Convencida dende sempre de que se pode axudar en maior ou menor medida a quen o necesita, Ana Fernández asegura que a idea xurdiu coa intención de colaborar, pero tamén de predicar co exemplo entre os pequenos que acoden á casa niño.

“A miña familia inculcoume que sempre que poidamos debemos axudar aos demais, e a verdade é que dende que fun independente economicamente tentei facelo a través dalgunha ONG, pero ás veces é difícil ou mesmo crea dúbidas na xente, así que pensei que o mellor que podía facer era, ademais de axudar a nivel global, tentar axudar aos que teño máis preto de min –relata– a iso sumeille que de nada vale ensinarlle a un neno de un ano e medio a palabra solidariedade, ou dicirlle que faga un debuxo porque como é lóxico non o vai entender, así que pensei que o máis efectivo sería predicar co exemplo, porque os nenos a esas idades basean a súa aprendizaxe en imitar o que ven”.

E de aí partiu a iniciativa, pois tal e como describe Ana “cando os nenos ven chegar á xente con bolsas á casa niño eles están contentos e despídense lanzándolle bicos, pois quizais esa asociación sexa un pouco máis efectiva para entender o que é a solidariedade, porque co tempo van interiorizar iso e sen querer aprenderán un valor que nun futuro si etiquetarán e entenderán que se corresponde coa solidariedade”.

En canto á acción solidaria en si, Ana destaca a gran cantidade de xoguetes e roupa en perfecto estado que a xente está achegando, así como paquetes de cueiros, leite en po, alimentos infantís, e mesmo roupa de cama como mantas e xogos de sabas sen estrear. “Eu pensei que a resposta da xente ía ser algo máis pequena, pero está sendo impresionante, estou sorprendida, desbordada e... agradecida non, o seguinte”, di.

Ata o 20 de decembro tanto os xoguetes, como os alimentos e a roupa poden entregarse na casa niño en horario de 8.30 a 14.00 horas. No caso de non poder achegarse, Ana explica que tentará facilitar todo o posible a entrega ou recollida dos mesmos. Ademais, lembra que todo o recollido permanece en corentena ata que se proceda a súa distribución.

Volta á normalidade tralo confinamento

Como en moitos outros ámbitos, tamén na casa niño de Santiso sufriron as consecuencias do confinamento e a pandemia. Logo de retomar o curso en setembro, Ana lembra a incerteza dos primeiros días. “Cando volvemos recordo que foi todo moi incerto, sobre todo no relacionado co protocolo, e ademais porque os nenos viñan de pasar a corentena con seus pais e avós e polo tanto moi apegados a súa familia; a verdade é que ao principio foi difícil e tivemos que ir moi pouco a pouco, pero a día de hoxe estamos adaptados á perfección”, recoñece.

E nesa adaptación xogaron un papel fundamental as familias, para as que Ana só ten palabras de agradecemento. “Para min é imprescindible que as familias participen, porque eu creo que se as familias e a escola imos da man todo é máis doado e produtivo, e nese sentido teño que poñerlles un dez, non poden axudar máis de verdade, porque apoiáronme en todo e colaboran en todo, ao igual que dende o Concello”.

Deixando a recollida solidaria a un lado, a casa niño de Santiso continúa coa súa actividade diaria que inclúe, entre outras accións, un proxecto que están desenvolvendo en colaboración cos nenos e nenas de infantil do colexio de Arcediago.

Na actualidade Ana ten ocupadas as cinco prazas das que dispón a casa niño e conta tamén con lista de espera. O servizo préstase para nenos e nenas de 3 meses a 3 anos e é gratuíto para as familias.

Restauración e posta en valor do cruceiro de Melide

O Concello de Melide promoverá e financiará o proxecto técnico de restauración, conservación e posta en valor do cruceiro de Melide.

Así o deu a coñecer o Museo da Terra de Melide –impulsor da iniciativa e que leva anos reivindicándoa– que se comprometeu xunto co Concello “a realizar xestións e favorecer, na medida das súas posibilidades, que se materialicen do xeito máis respectuoso, transparente e tecnicamente máis solvente”.

Para iso, convocouse a catro empresas “especializadas no eido da restauración a nivel galego” ás que xa se facilitou “toda a documentación bibliográfica existente sobre este ben tan destacado”.

Dende o Museo da Terra de Melide celebraron a nova e consideraron a acción como “necesaria e imprescindible para a salvagarda e dignificación do cruceiro, e tamén que a súa materialización se ha traducir nun recurso de primeira orde en termos culturais, turísticos e mesmo como atractivo para unha maior atracción de visitantes á nosa vila”.

Con motivo do **25N**, o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo encheu de viñetas o rural melidense para concienciar sobre a necesidade da igualdade entre homes e mulleres e a erradicación da violencia de xénero.

MACHISTAS OU MACHISMO?

Na vida dunha muller o feito de ir pola rúa e escoitar calquera tipo de comentario, ter que aguantar miradas de desexo ou asubíos provocadores é, por desgraza, algo común e sobre todo, aceptado pola sociedade principalmente masculina. En pleno século XXI o machismo continúa a ser tema de actualidade e ás veces incluso parece que non logramos avanzar nada nestes anos. Mete medo dicilo.

Aínda así, despois de tanto tempo convivindo con el, seguimos sen saber o que é. Debemos ter claro que machismo non é asasinar unha muller, senón a aceptación que nos intentan meter na testa de que iso foi un accidente. Tampouco é machismo o feito de quitarlle privacidade á túa parella, abusar dela sexualmente ou maltratala. Non, iso non. Como vai ser machismo tratar de quitarlle as ás a aquelas bolboretas que queren voar?

Machismo é a persoa que llas quita e, por culpa dela, hai unha bolboreta menos voando libre. Tamén son todos aqueles homes que se opoñen á liberdade da muller, aqueles partidos políticos que consideran que non fai falta tanta lei contra a violencia de xénero, aqueles xuíces que pensan que as mulleres esaxeran, e aquel colectivo que non lle dá importancia ao desprestixio da muller na sociedade actual.

Todas esas persoas non son machistas, son o machismo mesmo.

Lara López Sánchez
Alumna de 2º de Bacharelato do IES Melide

Os nosos pais listos

Recordo cando, sendo ben pequena, chegaba á escola unitaria na que estudaba,–unha vez ao ano, e por sorpresa- o inspector. Recordo o nerviosismo da mestra, e recordo que mandaba saír sempre á mesma persoa ao mapa, para mostrarlle ao inspector o ben que sabía as provincias e os ríos. Ou lle preguntaba alternas a táboa do sete e do oito.

Parece unha estampa de posguerra, pero non ten máis de trinta anos. Hoxe sería inimaxinable, e se cadra incluso a leria humana na que estamos asentados podería falar de acosos ou presións á pobre "lista/o" da clase. Que de todo hai.

É evidente que temos hoxe outras maneiras de medir o ben ou mal que funciona o sistema educativo, e o espabilados ou non que son os nosos escolares. De entre tantos informes que hai, chamoume a atención un texto escrito polo director de Investigación no Instituto Nacional da Saúde de Francia –Michel Desmurget-, titulado *A fábrica de cretinos dixitais*. Neste libro asegúrase sobre datos bastante contundentes, que estamos ante a primeira xeración de rapaces con un coeficiente intelectual máis baixo ca os seus pais. Haberá quen se leve as mans á cabeza, porque para todos os nosos fillos son os máis listos e espabilados, fan cousas que nós non faciamos as súas idades, e teñen máis acceso a todo antes ca nós. É verdade todo iso. Pero tamén o é que o poder destrutor das pantallas nesta xeración de rapazada está máis que demostrado. Destrúelles as ganas, a creatividade, as inquedanzas, a imaxinación, a fala, a expresión, o razoamento, todo aquilo que precisamente nas idades temperás ten unha plasticidade inmensa que, coas medras, se perde. E non volve.

O libro deste home fala diso, de como as pantallas ante os nenos inflúen na creación da estrutura do seu cerebro. Que axiña serán os cerebros dos adultos desta sociedade.

Datos e contundencias coma os que achega este libro non deixan de convertelo nun texto con información que todos coñecemos, pero que apartamos de diante da vista para que non nos remexa demasiado a nosa conciencia. Empezando pola propia.

Vendeuse a idea de que a tecnoloxía vén a salvarnos, que saber usar axiña un ordenador ou un Ipad é sinal de espabilamento –"agora é así!", e –sen rozar sequera a teoría antitecnoloxía, líbranos dela! –, parece que hai evidencias que din que non é así. Se cadra sálvanos máis o tempo compartido, o razoar coas persoas sen que medien teclas, investir en paciencia e atender os rapaces. Sen embargo, está mal visto posicionarse contra o uso habitual de pantallas en nenos, porque é de hippis, de modernos da educación, e de xente que pretende cambiar o mundo desde a súa casa. E, se cadra, tiña razón Eduardo Galeano cando dicía aquilo de que "moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, pode cambiar o mundo". Poderiamos probar...

Vanesa de Quinzán
Cerne - Nadal 2020

O PREZO DA FAMA

Todo o mundo ten como referente unha persoa famosa ou gustaríalle ser famoso e ter moito diñeiro, pero hai cousas que non pensamos cando queremos ser coñecidos por todo o mundo. Esas cousas son a privacidade e a liberdade.

Unha persoa famosa renuncia á súa privacidade e liberdade a cambio do seu éxito. Moitas persoas pensarían que sae totalmente a cambio, pero se nos poñemos a pensar máis detidamente, ao renunciar á nosa vida, con ela tamén renunciamos á nosa intimidade, o que provoca que todo o mundo poida saber o que fas, onde andas, con que estás... ou incluso podes prexudicar todos os que te rodean.

Pero aínda que non renuncies á túa privacidade, esta pode ser corrompida por persoas externas que non teñen nada máis que facer que meterse na vida dos demais.

Por moito que pareza raro, isto de saber todo sobre as vidas alleas non comezou coas redes sociais nin cos programas tipo *Sálvame*, senón que todo se iniciou con anterioridade no medio rural. Seguro que vistes algunha destas persoas na túa aldea, cando dúas veciñas se encontran e se poñen a falar sobre todo o que ocorre na súa contorna, ou cando lle ocorre algo a alguén e o sabes porque alguén cho conta bisbando.

Estas son situacións que todos vimos algunha vez na nosa vida, e nas que non pensamos que estamos agredindo a privacidade e a intimidade desas persoas das que falamos. Creo que se estivésemos na situación destas persoas nese momento, non nos gustaría que se metesen na nosa vida e que nos criticasen ás nosas costas.

Diego Tarrío Bande
Alumno de 2º de Bacharelato do IES Melide

A METAMORFOSE IMPEDIDA

Imaxinas que che pregunten como se sentiron teus pais cando souberon que eras heterosexual? Que exista xente que non che fale porque che gusta a xente dun sexo diferente ao teu? Que sufras de acoso escolar pola túa condición sexual? Imaxinas que che pregunten que sentido ten que sintas que o teu corpo che pertence?

Por desgraza estas situacións si as sofren moitas persoas que pertencen ao colectivo LGBTQ+. Millóns de persoas que son insultadas cada día. Persoas que son acosadas, humilladas... Persoas que incluso se acaban suicidando porque as demais non aceptan a súa situación. Persoas que se envolven como eirugas cando os empuxóns os deixan no chan e non atopan outra maneira de protexerse dos golpes que reciben.

Que fácil sería todo se non nos entremetésemos na vida da xente, se non cuestionásemos os gustos e os sentimentos das persoas. Que sinxelo sería simplemente non dar importancia ás cousas que certamente non a teñen. Pero sempre hai alguén que se cre co dereito de gobernar a vida dos demais. Seres que se cren deuses e que normalmente van rodeados dun noxento séquito. Grupos de persoas que pensan que son os reis do mundo e que teñen dereito a castigar os que incumpran as súas leis.

Persoas que non deixan as eirugas converterse en bolboretas cando eles só son vermes.

Andrea Carreira Fernández
Alumna de 2º de Bacharelato do IES Melide

Perda de audición nas persoas maiores (V)

Rematamos o ciclo sobre saúde e audición con ***Jesús Luaces,*** *presidente e fundador de* ***Instituto de la Sordera***

Hai diferentes tipos de audiófonos?

Existen dous tipos básicos de audiófonos que se diferencian polo seu tamaño e en onde se colocan (dentro do oído ou detrás da orella), e polo grao de amplificación do son.

Os audiófonos retroauriculares. Co seu pequeno tamaño permiten que se coloquen por completo detrás da orella. Soamente é necesario inserir un tubiño estreito dentro do canal auditivo, o que permite que o canal se manteña aberto. Os audiófonos de adaptación aberta son unha boa alternativa para as persoas que sofren de acumulación de cera no oído, xa que é menos probable que os audiófonos se danen por este tipo de substancias. Ademais, hai persoas que prefiren este modelo porque a súa voz non lles soa tan diferente.

Os audiófonos intrauriculares. Colócanse completamente no canal do oído externo e úsanse en casos de perda de audición que vai de leve a severa.

O Cerne de hai 15 anos (Decembro 2005 Nº11)

Faite oír coa nosa voz

XUNTA DE GALICIA
SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Cerne
Terra de Melide

A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº11. 1 de decembro de 2005 - 1 de xaneiro de 2006.
Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

Compromiso da Consellería de Industria coa mellora do polígono da Madanela

A ampliación pendente do polígono industrial de Melide e as deficiencias da electricidade, auga e recollida do lixo motivaron varias iniciativas. O delegado provincial de Industria comprometeuse a resolver os problemas do polígono nunha reunión que mantivo cos empresarios. Por outra banda, a consellería de Vivenda dará vía libre á primeira fase da ampliación, mentres que a segunda depende do PORN da Serra do Careón . Pax. 5

Os pubs, acusados pola Federación de discotecas

Continúa a polémica sobre os horarios de peche dos locais nocturnos. Esta vez, a Federación Galega de Discotecas e Salas de festa presentou un escrito demandando o precintado dos locais que incumplan as normas. Pax. 6

Medio Rural paraliza tres obras en Melide

A decisión da Consellería de Medio Rural de revisar as adxudicacións de obras feitas polo goberno de Fraga afectou tamén ao Concello de Melide, onde o PP aproveitou para convocar un pleno no que se reprobou a decisión do departamento de Alfredo Suárez Canal Pax. 7

Base do cruceiro dos Ánxeles, con motivos referentes á pasión de Cristo

Os cruceiros da Terra de Melide

Cerne elaborou unha reportaxe sobre un dos elementos máis representativos da arte popular galega: os cruceiros. Cómpre saber que a vila de Melide conta coa cruz de pedra máis antiga de toda Galicia: a de San Pedro, así como con outros monumentos cheos de historia nas súas parroquias. Pax. 8-9

A minicentral de Belmil, en Santiso, non será construída

Os sete proxectos de aproveitamento hidroeléctrico previstos por Fenosa e polo anterior goberno no alto Ulla, quedaron paralizados por orde da Consellería de Medio Ambiente. Entre eles está a minicentral de Seixo-Belmil, no concello de Santiso. A valoración dos colectivos contrarios á construción deste encoro é moi positiva. Pax. 11

O xerente do CCA promovido polo concello, acusado de irregularidades

A inauguración dun Centro Comercial aberto promovido oficialmente por Aceim e extraoficialmente polo Concello de Melide non tivo apenas público. Ademais, a asociación Compostela Monumental sopesa a posibilidade de denunciar ao futuro xerente desta área, quen foi obrigado a dimitir da asociación dos comerciantes do casco vello de Santiago. Pax. 14

Ronda da Coruña,20
Telf.:981-50.60.97
Melide
C/.Lugo,28
Telf. 981-50.80.26
Arzúa
Optica Abal
luzmariaabal@auna.com
-Revisamos la vista y el oido
-Medimos la tension ocular

CELIA AMBROSIO GARCÍA, LA FRUTERÍA DE CELIA

“Elaboramos cestas por encarga con froita, produtos de temporada e sempre adaptándonos ao presuposto do cliente”

Leva 18 anos traballando na mesma froitería, dos cales os últimos tres son ao fronte do negocio despois de que a antiga propietaria se xubilara. Así colleu Celia Ambrosio as rendas do establecemento, que dende entón leva o seu nome, e que continúa funcionando a pleno rendemento. Tampouco ao seu sector, o da alimentación, lle foi allea a pandemia da Covid, máis con todo souberon adaptarse e mesmo incorporar diferentes novidades, como son os produtos de Milhulloa ou a elaboración de cestas de froita por encarga.

- Como lles afectou a pandemia?

- Celia Ambrosio (C.A.): O primeiro mes foi con moito estrés porque nos pillou de golpe, como a todos, pero grazas a Deus nós seguimos traballando. E ao seguir traballando houbo que adaptarse por iso dende o minuto un xa limitamos o aforo en tenda, que é estreitiña, e como atendendo somos tres, só permitimos catro persoas máis. Ao principio aos clientes custoulles entender que non podían entrar, pero agora moi ben a verdade, a xente portouse de marabilla. E logo tamén insistimos no uso dos guantes, si ou si, e dispoñemos de xel hidroalcohólico. Ao final e pese a todo, todos acabamos adaptándonos á situación e traballando bastante ben a verdade. Creo que no sector da alimentación non nos podemos queixar.

- Cambiaron en algo os hábitos dos seus clientes á hora de facer a compra con isto da pandemia?

- C.A.: Si que cambiaron, non sei se é polo que sae na tele, pero polo tema da vitamina C e de coidar as defensas si que demandan máis xenxibre, limón... e sobre todo durante os tres primeiros meses consumiron máis froitos vermellos como por exemplo fresas, arandos, framboesas, e máis consumo de laranxa e de kiwi; xa digo, moito cítrico e froitos vermellos. Agora, nesta época o que máis están demandando é o kiwi e sobre todo a laranxa, que traballamos coa que vén directamente recollida do campo; de feito moitas aínda traen as follas.

- Continúan cos mesmos servizos de sempre?

- C.A.: Co tema da Covid miramos de facer sobre todo pedidos por teléfono. Chaman, dinche o que queren, tomamos nota e preparamos o pedido; así témolo listo e cando veñen a recollelo, para que non esperen fóra, levámosllo e xa pagan directamente, ben sexa en efectivo ou moitos a través do TPV que tamén temos. En canto a servizo a domicilio non temos porque non dariamos feito, aínda que si é certo que en casos moi puntuais aquí en Melide ao mellor podemos levarllo a unha persoa que é moi maior e non sae, ou algunha situación excepcional así. Despois, á parte da froita e verdura, seguimos cos queixos da Terra de Melide, mel da zona, chourizos da zona de Lalín, algo de panceta envasada, e agora de cara ao Nadal figos a granel, uvas pasas e algo de doce como por exemplo os amendoados.

Celia, cos produtos de Milhulloa ao fondo, e, á esquerda, unha das múltiples cestas de froita para regalar que xa elaboraron

- De onde vén o produto da froitería?

- C.A.: Intentamos traballar con produto local, e todo o que non poida ser da zona tentar que sexa polo menos produto galego. Na froita é máis complicado no verán, pero por exemplo xudías, pementos, o tomate, leituga, cebola... todo iso é de produtores locais das aldeas da zona, e no inverno coas nabizas, repolos, coliflor, etc pois tamén é produto fresco e de cercanía.

- Que novidades incorporou La Frutería de Celia?

- C.A.: Introducimos produtos de Milhulloa, tanto tés como especias ecolóxicas; sobre todo porque somos conscientes de que a xente demanda cada vez máis produto ecolóxico, e tamén produtos que ao mellor non atopan en grandes superficies comerciais. Teño tamén tres variedades de marmelada da zona de Antas de Ulla, que as fan alí e que son de arandos, framboesa, e tomate agridoce. Logo tamén incorporamos algo de legume, que nos ofrecían moito pero case todo viña de fóra, de Arxentina e de Perú, pero agora fíxenme con varias referencias españolas e que son o garavanzo, a lentella pardina, faba de caldo, faba de fabada, arroz e arroz tricolor. E despois están as cestas de froita.

- Elaboran cestas de froita?

- C.A.: Si, sempre por encarga, polo menos un día antes. O cliente elixe o produto, sexa froita, mel, té... ou dinos unha cantidade aproximada do que quere gastar e nós elaborámoslle unha cestiña a medida, máis ben son caixas de madeira, moi bonitas, de feito para regalar teñen moito éxito. Facémolas moito para embarazadas, que en vez de regalarlles chocolates prefiren levarlle froita; ou incluso sen froita e facémolas con tés, xenxibre, noces, mel, marmelada... Xa che digo, adaptámonos ao presuposto do cliente e por suposto tamén lle indicamos cales son os produtos de temporada, por se os prefire.

- Cambiou en algo o seu tipo de cliente?

- C.A.: Non moito, continúa vindo a comprar a mesma xente de sempre, quizais si é certo que vén algo máis de xente moza, pero pouco máis. Ao final o noso traballo é como unha familia, temos un trato de cercanía cos clientes que fai que continúen vindo os mesmos de sempre, e precisamente iso, o trato familiar, e xunto ao feito de intentar ter produto fresco todos os días e produto local, creo que é o que nos diferencia.

- Algunha petición para Asetem-CCA?

- C.A.: Ningunha en especial, é certo que as campañas ao mellor non nos repercuten tan directamente como a outro tipo de comercios, pero penso que están ben encamiñadas. A xente pregunta polas rifas de Nadal, tamén co dos Días Azuis. Do único que me queixo é do problema do aparcamento en Melide, pero iso xa é algo que nos afecta a todos. No noso caso si é certo que estamos moi ben situados, pero non hai moito onde aparcar. E menos mal que xa están acondicionando unha zona preto de aquí, pero aínda así non é suficiente.

- Para rematar, un truco para escoller a mellor froita como consumidores?

- C.A.: Iso é complicado (risas), ten en conta que eu levo 18 anos dedicándome a isto e con só mirar a froita xa sei cal debo escoller para poñer á venda. Por exemplo cando vou a mercar as laranxas, só con velas, ou na temporada do melón, só con collelo ao peso, xa sei se é o mellor que podo levar. É a base de experiencia. O que si é certo é que ás veces deixámonos levar pola aparencia, e aquela froita que máis bonita loce non é a mellor nin a que máis rica está, non te creas.

La frutería de Celia

Tlf: 981 50 79 38
Cantón de San Roque, 3 (Melide)

HORARIO:
L a V: de 9.00 a 14.30
e de 17.00 a 20.30

Sábado e Domingo: de 9.00 a 14.30

Instituto de la Sordera

Regale Salud Auditiva. Por Navidad!

AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS

- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

***Según modelo y durante el 1º año.**

"Del OÍDO al CORAZÓN"

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

Esta manta de Regalo por la compra de sus audífonos

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. MELIDE

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

PHONAK life is on A Sonova brand

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos